POESIAGALEGA.ORG
arquivo de poéticas contemporáneas na cultura

GAAP
GRUPO ALEA DE ANÁLISE POÉTICA

Unha viaxe de Josep Pla a Galicia

Xesús González Gómez

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*
González Gómez, Xesús (2011 [1988]). "Unha viaxe de Josep Pla a Galicia". *Dorna*: 14, 81-86. Reedición en *poesia-galega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/524>.

2 | Por referencia á publicación orixinal
González Gómez, Xesús (1988). "Unha viaxe de Josep Pla a Galicia". *Dorna*: 14, 81-86.

* Edición dispoñíbel desde o 22 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

UNHA VIAXE DE JOSEP PLA A GALICIA

Xesús González Gómez

En 1972, por cuarta ou quinta vez, Josep Pla vai a Galicia ("Conec vagament Galícia. Hi he estat tres o quatre vegades, sempre –malauradament– de pas"). Unha viaxe que comeza polo norte da provincia de Lugo, de Vegadeo a Ribadeo. Entra en Galicia e o escritor catalán comeza a súa descripción e as súas notas sobre o país: "O país é fresco, ben cultivado, unha miga algodonoso, moi agradable, bonito". O lector pode encontrar estes primeiros párrafos no volume 28 da obra completa do escritor empordanés, *Direcció Lisboa,* onde narra as súas viaxes á capital portuguesa entrando por diferentes postos fronteirizos. Un deles será o de Tui, mais antes contará unha viaxe pola nosa terra que comeza na páxina 224 do devandito volume cun primeiro capítulo titulado "Galicia: pas per Foz". O seguinte leva como título "Pas por Lugo" e seguen: "Vagues notícies del Finisterre", "Pas por Pontevedra", "Pas per Vigo" e "Pas por Tuy", logo xa entra no país irmán. Nestes capítulos, un total de 54 páxinas, Josep Pla vai dar a súa visión de Galicia, das súas xentes, da súa paisaxe, dalgunhas das súas cidades, da súa gastronomía, etc. sempre con brillantes e sempre adxectivando da maneira xenial que era normal nel.

Despois de dicir como é o país, Pla anota que a vida popular en Galicia é moi intensa "por riba de todo están os campesinos e os pescadores. Estes grupos humanos teñen unha gran forza, unha presencia considerable, son magníficos", como non podía deixar de pensar ese kulak extrañado nunha masía do Empordà e que, de cando en vez –moitas–, saía a ver mundo. Pasa por Viveiro e chega a Foz, antes para nun restaurante da estrada. O pousadeiro preséntalles o marisco, el prefire tomar un caldo e beber un Alvariño. Cando están comendo séntase con eles o pousadeiro e falan do país, etc. E solta a súa "visión" do caldo: "O caldo galego[1] –coma o *caldo verde* portugués– é o prato popular deste país (...) O *caldo verde* portugés ten a mesma base có galego, pero engadindo unhas estrías de col que aínda lle dan un gosto máis rústico e agrario. Se máis non, na área deste idioma inventouse un caldo que ten unha popularidade indiscutible. Este feito é importante. O país que criou un caldo realmente loitou contra a miseria (...) agora ben, o facer un prato popular, sustancioso, aceptado por tódalas casas con lume aceso –na lareira ou nos fogóns– e aceptado, sobre todo, polos padais do país, é digno de admiración. Un prato de *caldo*[1], tivérono os galegos máis pobres só que ergueran unha palla da terra. Outros países pasárono peor, paréceme". Despois de tomar o caldo e lumbrigante, continua a falar co pousadeiro e o seu acompañante (o de Pla), e rise dos *gourmets* e outras tribos. Antes de chegar a Lugo di que pasaron por Mondoñedo, "vila deliciosa, rodeada de paz, parsimoniosa e cortés –cousa que non exclúe nunca, en Galicia, un punto de ironía fantasiosa, a miúdo maliciosa– e bispado". E di que na actualidade (1972) o home máis célebre da vila é Álvaro Cunqueiro "format en la lectura i en les referències de lli-

brots oblidats, gran escriptor, conversador únic, d'un riquíssim i significatiu anecdotari" e a continuación dá unha pequena semblanza do mindoniense que penso é interesante reproducir –e traducir– na súa integridade:

"Literariamente falando, nun mundo como o actual, dado a atribuír a máxima importancia á precisión, Cunqueiro foise cara á tendencia oposta e, cando atopou un tema fantástico que lle agradou, prescindiu literalmente da precisión, da exactitude e da puntualización. (Isto non quere dicir que cando cultiva, con máis asiduidade, o xénero realista, como o seu célebre Sochantre, non chegara a resultados positivos –pero sempre coa posibilidade dunha fuxida cara á fantasía máis anticonvencional). Todo isto dígoo porque a min paréceme que, na obra de Cunqueiro, fluctúa

unha interrogación sensacional: non se sabe nunca o que é a realidade. Este é un fenómeno enorme, porque neste mundo non hai ninguén que saiba o que é a realidade –e neste sentido a obra é dunha verdade literal. ¿A realidade é a dos naturalistas? ¿É a dos fantasiosos? ¿É a dos eruditos? ¿É a dos mediterráneos? ¿É a dos celtas? ¿É a dos que non coñecen nin a exactitude nin a puntualidade? ¿A realidade, é a miña? ¿É a dos outros? (Nestas dúas últimas preguntas está a mellor obra de Pirandello). ¿A realidade, é un simple xogo mental? Ninguén sabe o que é a realidade. Chegados aquí e pensando un momento en Cervantes –que en definitiva é o criador do realismo literario moderno, pensando sobre todo nos seus embates contra as novelas de cabalería, que consideraba unha fantasía irreal, e que deu lugar, por contraste, á novela picaresca e ó fenomenal Quevedo e ó rector de Vallfogona–, Cunqueiro aparéceme como un escritor de tendencia literaria profundamente anticastelá, namorado da fantasía que Cervantes dinamitou. E esta é, quizais, a clave do éxito que teñen os seus libros, que se basea na imposibilidade que temos todos de saber o que é a realidade –sempre que se pasou un pouco alén das aparencias puramente superficiais".

A cita é longa, pero coido que pagaba a pena. E o escritor galego non está na súa vila, senón en Vigo, onde o catalán o encontrará máis tarde. E así non se detivo en Mondoñedo e seguiu camiño de Lugo, pasando por Vilalba, logo de atravesar unha "comarca no pas gaire animada" (¿a Terra Chá?) chegou a Lugo. "Lugo és una ciutat sensacional". ¿Por qué? por que conseguiu manter as súas murallas contra os embates dun falso progresismo, mais pola cidade galega tamén pasou "a fal.lera del progrés entès com a destrucció del passat", pero os seus intelectuais (eruditos, historiadores, arqueólogos, poetas, degustadores da vida provincial moi enraizados na súa terra) evitaron o derrubamento das murallas. Logo de pasear por Lugo, o escritor catalán di que non se encontraba a disgusto, senón todo o contrario. E vai a unha pousada onde non funciona nada, e todo debido á arquitectura do local, pois os arquitectos non pensan nas persoas da súa idade ás que non lles gustan as modernices. Vai durmir e ó día seguinte pasea por Lugo: un formigueiro humano no interior das murallas, aínda que haxa pouca comedia humana social –"excepte en les classes altes, més aviat castellanitzades". Pasa uns días excepcionais na vila e antes de irse anota: "Nesta poboación é posible encontrar –máis que en calquera outro lugar de Galicia– a producción intelectual do país, que é notable, tanto en galego como en castelán. Ás veces é moi inxenua, ás veces extremadamente irónica e elevada. A pesar do esforzo considerable que se fixo para desvirtuar a persoalidade de Galicia, aínda non se conseguiu". Deixa Lugo e vai cara ó Fisterre[2].

E antes de chegar a un destino veñen as anotacións de Pla: ¿son pobres os galegos? obxectivamente non di que non, mais cómpre engadir que a agricultura moderna ten pouco que facer en Galicia debido á xeografía do país. Como son: animais nocturnos (cousa que encontra magnífica). O galego, continúa o escritor catalán, sempre fala da política; é un pobo que –internamente– ten unha grande vitalidade, come e bebe abundantemente

(se hai); ten vitalidade, unha vitalidade raramente impregnada (como adoita ser en Cataluña) de mediocridade; ten imaxinación; din –os galegos– que son celtas aínda que el non saiba que é iso, pois non pasou dos debuxos con filosofía de Castelao. ¿E como está o país? segundo diagnósticos que lle fan, moi mal: emigración a América e, sobretodo, a Europa; os labregos son rutinarios, escolas non hai moitas (aínda que pensa que é unha boa decisión de Madrid, supondo que en Madrid as decisións sexan continuadas, porque as escolas españolas son precarias, non polos alumnos, senón polos profesores e sempre –coas debidas excepcións– foron "barret de rialles"). "Galicia plora –*Galicia chora*[1] com diu el poeta. Si, és clar, però potser no es tant".

E continúa o empordanès coas súas notas: "En Galicia hai tres cousas importantes. Primeiro, a pesca, ou sexa as conservas de peixe; despois, as árbores, a madeira; logo, aínda, as vacas e os cuxos. Dun xeito xeral, estas cousas van tirando, pouco ou moito, claro". Nos cafés hai moita xente, todos son amigos; nos hoteis só hai viaxantes; din que os labregos son rutinarios mais os adobos –a súa introducción– foi un esforzo que durou anos e anos e ao final acostumáronse. As mulleres galegas saben latín, tanto o macarrónico coma o outro, dinlle, pero el non é dado a elucubracións xerais, pois os homes e as mulleres dun pobo adoitan ter unha experiencia que nunca poden dar os libros. Fala da climatoloxía, dos naufraxios, etc. E chega a outro punto que interesa:

"Os escoliastas de Galicia –a min este país agrádame moitísimo– puxeron copiosamente de manifesto os efectos da chuvia mansa, o goteo teimudo, persistente, doce, o fume dormido, o clima do país. Teño unha idea moi vaga da literatura do país, e ben que me fai falta, pero así e todo sentín dicir que a señora Rosalía de Castro pasou un pouco de moda no ambiente dos literatos. A cousa das modas a min sempre me esvarou, de modo que a literatura desta señora, que, ás veces é melindrosa e lánguida, pouco mental e moi intimista, gústame como o primeiro día que a lin, xa hai moitos anos. Esta señora posúe unha sensibilidade moi delicada, real, nada declamatoria, nada retórica, moi viva através da cal explica unha gran parte de Galicia, a do goteo da chuvia, que, para o seu gusto, é ordenado e confortable".

Deixa o Fisterre –O Ferrol, do que non di palabra– e vai cara a Pontevedra, unha cidade posta sobre unha ría e que dá cara ó mar. Alí vai ao Museo e visita ó señor Filgueiro (sic), gran erudito que coñece admirablemente Santiago e que ten escritos varios libros moi apreciados. E fala do Lérez, un río moi pequeno mais que ten unha poesía "que quan va acompanyada, en els seus marges, de la suavitat lleugerament obscura de les vocals de la llengua gallega agafa un to in afinament inoblidables". Fai un pequeno pensamento sobre as cidades bispais de Galicia, fala de Marín, conta anécdotas sobre Montero Ríos e Echegaray, pasea por Pontevedra e volta –ás veces– ao Museo provincial a fumar un cigarriño co director: o señor Filgueira Valverde. E di Pla: "No establecemento hai moitas cousas de gran interés. Case que todo o que puideron recoller do pintor e debuxante Castelao (...) O señor Filgueira Valverde é un gran erudito, cauto e prudente, home acolledor, aberto e dunha

sociabilidade exquisita". E de Pontevedra a Vigo.

De Pontevedra a Vigo pódese ir por estrada ou por mar. E fala das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, das illas Cíes e chega a Vigo: "Vigo és –de molt– la població més important de Galícia i, al meu entendre, una de las de més volum i personalitat d'aquesta península. La Corunya es la capital oficial de Galícia, però no es més res que això: una capital oficial amb els serveis burocràtics (a nivell regional) de l'Estat amb els avantatges (i inconvenients) d'aquesta situació i amb el grup corresponent que imita Madrid, grup que a la població es, en definitiva, decisiu. La Corunya es, guardant les distàncies, un petit Madrid. Vigo es la gran ciutat de Galícia, una ciutat que té la força d'ella mateixa, amb pocs favors oficiais i amb escassa participació en el repartiment de les engrunes del centralisme". Pero Vigo é moita cousa máis para Pla: una cidade de gran riqueza suburbial, unha cidade de aspecto serio, que ten unha poboación leda, satisfeita, preocupada pero satisfeita, unha cidade na que aínda se pode vivir (cousa importante para Pla, un kulak catalán). Aparte de todo, Vigo é o lugar de Galicia onde menos se cheira a caciquismo. Tamén, entrando noutros pormenores, di que Vigo está dividida en dúas partes: a cidade e os seus suburbios e máis a cidade que dá ó mar.

E é aquí onde encontra a Cunqueiro, quen o invita a xantar acompañado de Gonzalo Torrente Ballester, autor da célebre obra *La Saga/Fuga de J.B.* que de tan complicada e críptica é unha miga difícil de entender. E fala outra volta de cociña, e da parola que tiveron durante o xantar onde Cunqueiro falaba dos mosteiros de Galicia, etc. Ó final despídese e vai cara a Tui, camiño de Portugal.

En Tui para un día, pois é un namorado de Galicia e marcharse dálle unha "mica d'ànsia". Aquí pasea pola Vila, cavila sobre o seu significado de vila episcopal, ocórrenlle cousas graciosas na pousada en que para e anota que o galego, tan introvertido co forasteiro, fala sen parar cos seus amigos e coñecidos: non calan nunca. Para a noite e ó día seguinte, en tren, toma o camiño de Portugal.

Estas son algunhas das notas dunha viaxe que fixo Pla a Galicia e que están recollidas no volume citado acima. Nin que dicir ten que compre recorrer a Pla para coñecer todo o que di, sempre interesante e con anécdotas graciosas e ocorrentes, cheas de humor e de sabeduría campesiña. Pla visitou Galicia cos ollos e o corazón aberto, púidose trabucar nunha ou noutra opinión, mais nunca foi apriorístico, nunca prexulgou, nunca se sentiu superior ao pobo que visitaba, cousa moi corrente entre os viaxeiros. Josep Pla foi gran viaxeiro, pero el amaba viaxar para encher o seu espírito e para coñecer: non viaxaba para escapar. De aí que o respeto con que capta a idiosincrasia dun pobo o leve sempre a louvar as súas virtudes –se é que as ten– e a calar os seus defectos –se é que existen–. Josep Pla viaxou a Galicia e sempre foi un amigo dela. Mágoa que non nos explicase as súas outras viaxes.

NOTAS

(1) En galego no orixinal.

(2) E en Lugo un soñaba un posible encontro entre o escritor catalán e Anxel Fole. ¿Que conversas non terían os dous escritores? Imaxinémolas, por un intre.